


Coordinada por
Blanca-Ana
Roig Rechou

Lémbrese que está aberto o prazo de matrícula para o envío de propostas de comunicacións para as Segundas Jornadas Internacionais de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil, organizadas pola Asociación Nacional de Investigación

en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) e ELOS, que se celebrarán na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo os días 10 e 11 do mes de maio. A temática central é o tratamento da familia na literatura para os máis novos. **ELOS**

William Shakespeare (Stratford-upon-Avon, Reino Unido, 26 abril 1564-23 abril 1616). É hoxe o noso protagonista o dramaturgo, poeta e actor inglés, do que se conmemora nestes días de abril o aniversario do seu nacemento e morte. Deste creador transvasáronse á lingua galega tres adaptacións para o lectorado infantil e xuvenil realizadas por José Luís Giménez Frontín e ilustradas por M^a Teresa Cáceres, que foron *O rei Lear según a obra de William Shakespeare* (1983); *Macbeth* (1985); e

A traxedia de Romeo e Julie (1985), traducidas por Carlos Casares, Rosa M^a García Vilariño e Xavier Senín respectivamente. Os dous primeiros foron incluídos na colección "O dragón bermello" e o último en "Os libros da gata", ambas de Argos Vergara. Estas propostas poñen en contacto aos máis novos coa produción dun dos clásicos universais e contribúen á creación da súa enciclopedia persoal, asentada en referentes ineludíbeis da cultura occidental que garanten a educación literaria. **ELOS**



ELOS DE LECTURA

Crítica literaria en galego, ferramenta de visualización

A proxección da literatura infantil e xuvenil galega, levada a debate nun novo volume editado polos Escritores en Lingua Galega

CRISTINA FERNÁNDEZ
SANTOMÉ
CIRP

Unha vez máis o Consello da Cultura Galega, con sede no Pazo de Raxoi en Compostela, acolleu o 22 de outubro de 2010 a celebración das II Xornadas da Crítica Galega, unha iniciativa que a sección de Crítica da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organizou ao redor da LIX e do aparato crítico-literario que a acolle.

Tras unha primeira xuntanza en 2007, na que se afondou na crítica literaria galega en xeral, tivo lugar a segunda edición das xornadas na que académicos, críticos e outros persoeiros implicados no desenvolvemento da vida cultural galega, se reuniron para achegar reflexións e establecer un espazo de debate e diálogo en torno á crítica da literatura infantil e xuvenil galega.

ESTUDOS DA CRÍTICA. As análises e comentarios presentados foron acompañados doutros estudos sobre o estado da crítica de LIX nas linguas castelá, catalá, vasca e portuguesa, proporcionando así unha perspectiva multicultural e comparativa da cuestión.



II XORNADA DA CRÍTICA GALEGA

A CRÍTICA E A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL



Cuberta do volume da II Xornada Crítica da LIX

No tocante á galega, pártese de reflexións que denuncian a situación periférica da LIX e da crítica literaria como elemento de análise dentro das interre-

lacións entre os sistemas literarios, e coméntanse aspectos como escasa presenza deste sistema literario nos estudos universitarios, feito que contribuíría

á formación de críticos que lle desen visibilidade.

Cabe salientar tamén as diferenzas establecidas entre a crítica académica e a xornalística, esta última definida como non profesional debido á falta de especialización dos seus axentes, con respecto ao que se salienta de novo a ausencia do sistema literario nos centros de ensino superior que proporcionase unha base na formación de expertos.

PUNTO DE INFLEXIÓN. A destacar na evolución do aparato crítico, ponse de relevo o seu agromar nos últimos vinte anos, en relación ao que se comenta o labor desenvolvido tanto por investigadores comprometidos con este eido como nalgúns traballos que significaron un punto de inflexión na súa visualización.

Un exemplo é *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega* (2004), "unha das primeiras antoloxías temáticas nas que realmente se fai crítica académica"; grupos de investigación como LITER21 que contemplan a Literatura Infantil e Xuvenil dende áreas ben diversas e multidisciplinares; proxectos de investigación como Informes de Literatura, que a recollen nas súas diferentes manifestacións; ou a Rede Temática de investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI) que anualmente recollen reflexións sobre a LIX en varias publicacións.

Recentemente (decembro de 2011), estas interesantes achegas puxéronse ao alcance de todo interesado nunha publicación monográfica que a AELG edita no n.º 15 da colección "Escrita Contemporánea", II Xornada da Crítica Galega. *A Crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil*.

santome77@hotmail.com

PARA COÑECELA +

90

Antoloxías poéticas. Clásicos e LIX. Despois das antoloxías publicadas na década dos oitenta e centras en autores clásicos galegos, na década dos noventa publicouse só unha mostra antolóxica dirixida ao lectorado máis novo na que se ofrece unha selección poética de autores de diferentes épocas. É o caso de *Os nosos versos. Antoloxía* (Anaya, col. "Sopa de Libros", 1997), organizada polo tamén poeta Antonio García Teijeiro, na que selecciona corenta composicións de doce autores clásicos da literatura galega, dende Rosalía de Castro ata María Mariño. Unha mostra que abrangue un amplo marco temporal e ten entre os seus obxectivos dar a coñecer algunhas das liñas máis "belidas que os poetas foron tecendo coa autenticidade de quen ama a vida propia e a dos demais, e é quen de manifestalo mediante a composición poética" (pp. 8-9), así como a defensa da identidade lingüística e a dignificación do idioma, expresada a través dos múltiples enfoques e emocións que ao longo da historia teceron os autores seleccionados. Esta colectánea preséntase nun atractivo volume, no que os poemas comparten espazo coas atrevidas ilustracións de Fino Lorenzo, que ofrece propostas arriscadas, coloristas e moi dinámicas, contribuíndo a un conxunto textual e visual ben artellado e de gran rendibilidade. **ISABEL MOCIÑO**

